



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Estancias Clínicas II | Código | 661G01026 | |
| Titulación | Grao en Enfermería | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | Ter superada a Estancia Clínica I para poder cursar esta materia | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinación | Cereijo Garea, Carmen | Correo electrónico | carmen.cereijo.garea@col.udc.es | |
| Profesorado | Cereijo Garea, Carmen Rossi López, Miriam | Correo electrónico | | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | Son estancias clínicas, correspondentes ó nivel I ou básico da aprendizaxe práctica, dirixidas á adaptación dos estudantes ó entorno asistencial, e á integración dos coñecementos teóricos en situacións reais. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |



| | |
|-----|---|
| C12 | CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
|-----|---|

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|---|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Distinguir o rol da enfermeira e identificar o rol dos diferentes membros do equipo. Demostrar disposición para o traballo cooperativo dentro do equipo asistencial. | A62 | B1 B5 B6 B7 B9 B14 B15 B16 | C1 C3 C12 |
| Poñer en práctica os elementos básicos da comunicación enfermeira-persoa enferma. | A62 | B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B24 | C1 C12 |
| Aplicar na práctica sistecial os coñecementos aprendidos do proceso de atención de enfermaría. Executar as técnicas e protocolos garantindo a seguridade e de acordo ao establecido na institución asistencial. | A62 | B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 | C1 C3 C7 C10 C11 C12 |



| | | | |
|---|-----|---|------------------------|
| Respectar as opinións, valores, crenzas das persoas e garantir a confidencialidade e privacidade da información persoal e clínica. Cumprir as normas de funcionamento das unidades ou servizos. | A62 | B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 B14 B16 B20 B24 | C1 C7 C11 C12 |
|---|-----|---|------------------------|

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades de hospitalización. | Permiten aos estudantes a adaptación a un entorno clínico hospitalario, así como a comprensión da función das/os enfermeras/os, e a integrar e desenvolver os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A62 B5 B6 B9 B10 B14 B20 | 2 | 0 | 2 |
| Prácticas clínicas | A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | 120 | 0 | 120 |
| Solución de problemas | A62 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B19 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | 1 | 20 | 21 |
| Prácticas a través de TIC | A62 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B13 B19 C3 C10 C11 C12 | 3 | 0 | 3 |
| Presentación oral | A62 B1 B3 B7 B8 B9 B11 B13 B15 C1 C12 | 1 | 2 | 3 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no entorno hospitalario. Realízase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia. |
| Prácticas clínicas | Proceso instruccional que ten lugar en institucións sanitarias nas que os estudantes observan e participan nas actividades clínicas, co fin de proporcionarlles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. O proceso de aprendizaxe nesta materia baséase na realización de un rotatorio de prácticas nunha unidade de hospitalización da área médica ou cirúrxica. |
| Solución de problemas | Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes na que éstos seleccionan unha situación clínica concreta co fin de valorar, identificar e planificar os problemas de saúde. |



| | |
|---------------------------|---|
| Prácticas a través de TIC | Actividade que permite ó alumnado aprender de forma efectiva as tecnoloxías da información e comunicación utilizadas para o tratamento da información clínica enfermeira nun contorno hospitalario. |
| Presentación oral | Actividade na que o estudante expón verbalmente, ós outros estudantes e ó profesor, a valoración e planificación dos cuidados de enfermaría dunha situación clínica concreta. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas clínicas Solución de problemas | <p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa Solución de problemas ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---|--|---------------|
| Prácticas clínicas | A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria. | 50 |
| Solución de problemas | A62 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B11 B13 B19 C1 C3 C7 C10 C11 C12 | Criterios de avaliación: 1. Asistencia obrigatoria. 2. Presentación e estrutura: ata 2 puntos. 3. Claridade na redacción: ata 2 puntos. 4. Capacidade de análise e síntese: ata 2 puntos. 5. Capacidade crítica e aportación persoal: ata 4 puntos. | 50 |

Observacións avaliación



A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente. Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo ao Regulamento de Estancias Clínicas. Éstas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado no Regulamento de Estadías Clínicas. As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no campus virtual. Ao finalizar o período de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a Memoria segundo se especifica no Regulamento de Estadías Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a práctica clínica é unha actividade presencial non recuperable, os estudantes só poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar o relativo á avaliación de solución de problemas.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial: Dado que a práctica clínica é unha actividade presencial non recuperable, non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe alomenos un 9, con preferencia para o alumnado que obtivera máis nota. En caso de igualdade de puntuación e habendo máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumnado que obtivese máis nota na metodoloxía de práctica clínica.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnas e alumnos.
- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Berman A, Snyder SJ, Kozier B, Erb G (2008). Fundamentos de Enfermería. Conceptos, proceso y práctica. Madrid
A bibliografía referenciada nas materias de Fundamentos de Enfermería, Enfermería Clínica I, Farmacoloxía, Psicoloxía e Nutrición. NANDA internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definicións e Clasificación: 2021-2023. Madrid: Elsevier; 2021. Moorhead S, Swanson E, Johnson M. Clasificación de resultados de enfermmería (NOC). Medición de Resultados en Saúde 7ª ed. Barcelona: Elsevier; 2024. Wagner CM, Butcher HK, Clarke MF. Clasificación de Intervencións de Enfermería (NIC). 8ª ed. Barcelona: Elsevier; 2024. Lunney M. Razonamiento crítico para alcanzar resultados de saúde positivos. Barcelona: Elsevier; 2011. Complejo Hospitalario Universitario Juan Canalejo. Planes de Cuidado. Coruña; 2002. Complejo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC) . Manual de Procedimentos de Enfermería do Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña; 2008.
Fisterra <http://www.fisterra.com/>

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Anatomía/661G01001

Psicoloxía/661G01003

Nutrición/661G01009

Farmacoloxía/661G01011

Estancias Clínicas I/661G01025

Enfermaría Clínica I/661G01034

Fisioloxía/661G01105

Fundamentos de Enfermaría/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Clínica II/661G01035

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas III/661G01027

Estancias Clínicas IV/661G01028

Estancias Clínicas V/661G01029

Estancias Clínicas VI/661G01030

Estancias Clínicas VII/661G01031

Practicum/661G01032

Observacións

Tendo en conta o especificado na Memoria do Título é necesario ter superada a materia Estancia Clínica I para poder matricularse.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías